



MOCIÓN SOBRE A ADHESIÓN AO ACORDO DO PARLAMENTO DE GALICIA PARA A INCLUSIÓN DO “CÓDICE CALIXTINO” NA “MEMORIA DO MUNDO” DA UNESCO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pleno do Consello Xacobeo, órgano composto polo Estado e as Comunidades Autónomas por onde discorre o Camiño de Santiago, acordou na súa xuntanza celebrada na nosa cidade no pasado mes e decembro presentar a candidatura do Códice Calixtino á UNESCO para a súa inclusión no Rexistro da Memoria do Mundo, unha iniciativa posta en marcha en 1992 na procura de incentivar a protección e a concienciación sobre o patrimonio documental da humanidade.

No mesmo senso, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade na sesión plenaria do pasado 24 de febreiro unha proposta presentada polo Grupo Popular para instar á Xunta de Galicia a traballar nesa dirección.

Tal e como se sinala na iniciativa proposta polo Grupo Parlamentario Popular para o debate levado a cabo recentemente no Parlamento de Galicia, os códices son obras de marcado carácter relixioso, ilustradas con debuxos didácticos que trataban de axudar á comprensión dos textos sagrados, mais que, co paso do tempo, teñen adquirido tamén un importante valor simbólico e de transmisión das orixes da nosa cultura.

A nosa comunidade ten a fortuna de contar con importantes vínculos cunha destas obras, en concreto, co coñecido Códice Calixtino, que ten por título o nome da nosa cidade, o que xa sinala no seu primeiro folio: “*Ex re signatur, Iacobus liber iste vocatur*” (“*Este libro titúlase simplemente Santiago*”).

Elevado á categoría de símbolo e de razón de ser da Catedral e da propia Compostela, Capital de Galicia, foi conservado durante oito séculos na Catedral, marcou a pauta do culto e foi a primeira guía do peregrino medieval.

O noso país, con esta xoia bibliográfica insubstituíble e única que é fonte de investigación nacional e internacional, conta co máis brillante conxunto para a celebración da liturxia que ningún outro santo obtivo na Idade Media, coroado coa serie polifónica máis importante do medievo. Antes de que o Mestre Mateo alzara no Pórtico da Gloria os 24 anciáns do Apocalipse cos seus variados instrumentos, xa estaba recollida no Códice a presenza actuante dos músicos naquelas vixilias incomparables da catedral.

Igualmente, no libro dos milagres do Códice, dentro da fermosa serie de atributos xacobeos, proclámase o nome de Santiago como “dos galegos esplendor”. Por iso hai unha pregaria no Códice Calixtino perfectamente integradora do noso país: “*Galecianorum dux et hispanorum*” (“*Paladín dos galegos e de todos os españois*”).

Parece oportuno que desde o Concello de Santiago de Compostela, ao igual que se fixo na Cámara de representación do pobo galego, haxa un respaldo e un apoio formal ao inicio de trámites para acadar que a UNESCO inclúa o Códice Calixtino no seu rexistro de “Memoria do Mundo”, onde xa se atopan obras como os Beatos Medievais de España e Portugal así como os vocabularios indíxenas do Novo Mundo.

Acadar esta consideración outorgaríalle ao Códice unha especial protección e recoñecemento, non só polo seu alto valor histórico nos contextos culturais de orixe, senón pola súa importancia e significación para a Historia da Humanidade.

Con independencia dos pasos que a Xunta e o Ministerio competente na materia poidan iniciar neste proceso, o Grupo Municipal do Partido Popular considera unha obriga para a cidade onde radica e se conserva este prezado documento que a Corporación Municipal sume o seu apoio e o seu respaldo a unha iniciativa que redundará en beneficio dun maior recoñecemento e difusión da nosa cidade, da cultura e do patrimonio cultural de Galicia, así como da potenciación do fenómeno das peregrinacións a Santiago de Compostela.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular, presenta esta proposta de adhesión á iniciativa e ao acordo parlamentario que se concreta no seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela adhiřese ao acordo unánime adoptado polo Parlamento de Galicia en data 24 de febreiro de 2016 e insta á Xunta de Galicia a propiciar contactos con institucións e organizacións políticas, sociais e culturais que apoiem e reforcen os trámites a realizar para acadar a inclusión do Códice Calixtino no rexistro de ‘Memoria do Mundo’ da Unesco.

Santiago, a 14 de marzo de 2016



Agustín Hernández.
Portavoz do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.